

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de xuño de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais (telemáticos), os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO e DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

1. TESOURERÍA.- Acórdase aprobar a adxudicación de bens a favor do Excmo. Concello de Lugo en pago de débedas non cubertas exp. 2024EXP47002593 kiosco- latrina sito en praza Maior desta cidade de Lugo de dimensións aproximadas: 4,80 x 2,18 x 3,85 metros.

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de material de imprenta. Contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Exp ref: 2026/C004/000002.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 15/06/2026 ata o 14/06/2027 no expediente de contratación do servizo de soporte, mantemento e actualización de contidos e de software da plataforma de venda de entradas do Concello de Lugo. expte ref. 2023/C003/000005.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación mediante lotes do servizo de roza de pistas en diversas parroquias da zona rural do Concello de Lugo. Expd. ref.: 2026/C003/000000.

Fóra da orde do día

- Contratación dun servizo de cociña, comedor e lavandería para a Escola Infantil

“Gregorio Sanz” do Concello de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto tramitación ordinaria. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Rf. 2026/C003/000017.

- Contratación do servizo de mantemento dos equipos contra incendios en edificios municipais. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, e apertura do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada. Exp. 2026/C003/000013.

- Contratación da renovación integral da pista de atletismo no estadio de atletismo “Gregorio Pérez Rivera”. Aprobación do proxecto de obra, do presgo de cláusulas administrativas, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. Ref. 2026/C002/000013.

- Aprobación da participación do Excmo. Concello de Lugo e presentación da solicitude de subvención para o programa para a mellora e control poboacional de colonias felinas.

- Aprobación do programa para a mellora e control poblacional de colonias felinas, formación e concienciación social no concello de lugo, así como a participación do Concello de Lugo na convocatoria de subvencións a entidades locais, destinadas a mellorar e impulsar o control poboacional de colonias felinas convocada dende a secretaría de estado de dereitos sociais.

- Nomeamento de Director Xeral de Urbanismo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.